

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de abril de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. José Manuel Fernández Pérez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezasete de abril de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(434).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do vinte e sete de marzo e extraordinarias e urxentes do 31 de marzo e 1 de abril de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(435).- BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS- ANO 2015. EXPTE. EXPTE. 104274/301.

Visto o informe xurídico de 23.03.15, o informe de fiscalización do 30.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social do 23.03.15,

conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

I. Co obxecto de fomentar as actividades das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política de Benestar, convoca un ano máis as subvencións para entidades e asociacións desta natureza, destinadas á realización de proxectos, programas e actividades na área dos servizos sociais en 2015.

II. Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as Bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Para tal fin elaboráronse no Departamento de Benestar social as bases do procedemento de concesión destas subvencións; subvencións que o Concello de Vigo ten previstas no seu orzamento (prorrogado) para o ano 2015, destinando a tal efecto unha cantidade de 50.000€ na aplicación nº 2310.489.00.00 "Subvencións a asociacións, entidades, etc."

III. A convocatoria efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade e o marco xurídico no que se desenvolve é o configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

IV. En relación coa Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que a concesión destas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e entidades de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades na área dos servizos sociais abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais, na que se prevé a colaboración municipal no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, o fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local (Art. 60.1.c) da L.13/2008), como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que "non se entenderá como exercicio de novas competencias", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3).

V. En consecuencia, visto o que antecede, a orde de inicio do expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e o documento de Bases elaborado, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases e a convocatoria específica para a concesión de subvencións a asociacións e entidades de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades na área dos servizos sociais no exercicio de 2015.

SEGUNDO.- Autorizar a tal fin o gasto de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 ("Subvencións a asociacións, entidades, etc.") do vixente orzamento».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro - LRSAL).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3).

É precisamente dentro deste marco normativo e temporal no que se insire esta convocatoria específica de subvencións a entidades e asociacións de carácter social e sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais.

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia atribúelle ás Corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúen as referidas á colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social e a promoción de mecanismos de coordinación das súas actuacións, evitando duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais, así como o fomento e a promoción da

solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

De acordo con esta mesma norma, os poderes públicos están obrigados a fomentar no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

III

Precisamente coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais municipais e coadjuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política de Benestar, leva a cabo unha convocatoria anual de subvencións para entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro que actúen neste ámbito, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

A convocatoria destas subvencións efectúase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, de acordo coas seguintes,

BASES

BASE 1ª.- Obxecto

É obxecto das presentes Bases a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais en Vigo no ano 2015, dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia e cumprindo os requisitos que nestas Bases se indican.

BASE 2ª.- Proxectos subvencionables

Serán subvencionables aqueles proxectos, programas e actividades de asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial da cidade de Vigo no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos seguintes colectivos:

A) Familia e Infancia:

-Proxectos ou actividades que fomenten as habilidades familiares a través de actividades de formación na igualdade e corresponsabilidade dos seus membros, cara á mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar.

-Proxectos ou actividades que favorezan a participación das familias cara á súa integración social.

-Programas de apoio psicosocial para situacións de dependencia (autocoidado emocional, autoestima, regulación emocional, habilidades de comunicación e resolución de conflitos, etc.) cara á mellora da calidade da vida familiar.

B) Persoas maiores e persoas con discapacidade:

-Programas de información e/ou formación dirixidos a estes colectivos, familiares e coidadores.

-Programas ou actividades dirixidas a persoas maiores e/ou con discapacidade que fomenten a súa psicomotricidade.

-Obradoiros alternativos non coincidentes cos desenvolvidos pola Área de Política de Benestar.

C) Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas:

Proxectos socioeducativos e de promoción social dirixidos a estes colectivos socialmente vulnerables.

D) Persoas marxinadas sen fogar:

Proxectos de prevención, tanto individual como familiar o comunitaria, dirixidos a persoas e colectivos en risco de exclusión social ou desprotección.

E) Persoas toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes):

Proxectos de carácter preventivo, socioeducativo e de promoción da autoestima.

BASE 3ª.- Inadmisión e desestimación de solicitudes

Serán inadmitidas todas aquelas solicitudes de subvención que non cumpran cos requisitos xerais e específicos establecidos nestas Bases, referidos a entidades ou asociacións solicitantes (por non estar inscritas no Rexistro municipal de asociacións) e á natureza dos programas, referido a proxectos e actividades propostas (por non cumprir as condicións da Base segunda).

Unha vez estudiados os proxectos presentados e admitidos, desestimaranse aquelas solicitudes nas que o obxecto e/ou finalidade da subvención poida encadrarse nun ou varios dos apartados seguintes:

- 1. Solicitudes correspondentes a proxectos para os que xa se solicitase axuda a outras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
- 2. Solicitudes que, aínda que só se presentasen na Área de Política de Benestar, teñan unha relación ou canle máis específica de subvención noutras áreas do Concello ou noutras Administracións, ou aquelas que, pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren exactamente dentro do ámbito de actuación dos servizos sociais.*
- 3. Solicitudes que se refiran a programas, proxectos ou actividades que xa estean a executarse na Concellería de Política de Benestar a través dalgún contrato ou convenio de colaboración.*
- 4. Cando o programa, proxecto ou actividade en cuestión non reúna as condicións mínimas de interese xeral, teñan unha escasa relevancia ou repercusión e non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica.*
- 5. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos ou externos de carácter exclusivamente propagandístico.*

6. *As que inclúan actividades de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
7. *Aquelas que inclúan actividades propias dos clubs deportivos, agás as dirixidas ó colectivo de persoas con discapacidade e que non sexan coincidentes coas desenvolvidas polo Departamento.*
8. *As que inclúan actividades xa levadas a cabo por Administracións públicas, entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas.*
9. *As que inclúan actividades de carácter docente previstas nos programas de ensino, as dirixidas ó estudo, análise ou investigación académica ou estatística e aquelas que inclúan actividades de natureza sanitario-asistencial.*

BASE 4ª.- Financiamento e contía

O crédito de que se dispón para a dotación desta convocatoria será o da aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 - "Subvencións a asociacións, entidades etc. de carácter social".

Poderá subvencionarse o 100% do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a cantidade de 3.000 € por entidade solicitante.

BASE 5ª.- Compatibilidade

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total do programa, proxecto ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006.

BASE 6ª.- Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes

- *Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.*
- *Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.*
- *Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da LSG.*
- *Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ó mantemento da documentación, á contabilidade e coxestión do proxecto na súa oficina de Vigo, entendendo por esta a participación, alomenos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.*

- *No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.*
- *Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación a que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.*
- *Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto a esta convocatoria.*
- *Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.*
- *Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.*
- *Que se atopen ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

BASE 7ª.- Prazo, forma de presentación de solicitudes e documentación

7.1. Prazo e forma de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado contado dende o día seguinte á publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. As solicitudes poderán presentarse no Rexistro xeral do Concello de Vigo ou mediante calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC).

7.2. Modelo de presentación de solicitudes:

As solicitudes de subvención presentaranse de acordo co modelo que figura no Anexo I destas Bases.

7.3. Documentación:

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Certificación asinada polo secretario da entidade do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe aos postos de representante legal e secretario/a).*
- b) Certificación asinada polo secretario da entidade relativa a:*
 - *Representación da persoa responsable legal da entidade.*
 - *Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.*

- NIF da entidade.
- c) *Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia, en base ao réxime simplificado de acreditación do seu cumprimento para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, segundo establece o artigo 24.4 do RD.887/2006. Anexo II.*
- d) *Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da LSG. Anexo II.*
- e) *De ser o caso, declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.*
- f) *Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais e o documento de designación do representante ou apoderado único, onde se fagan constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada asociación para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.*
- g) *Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que se solicita subvención, co contido mínimo seguinte:*
 - *Nome do proxecto*
 - *Obxectivos e fins que persigue*
 - *Actividades por realizar*
 - *Número aproximado de persoas que se beneficiarán e para as que se destina o proxecto*
 - *Calendario de actividades*
 - *Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.*

No suposto de que a entidade presentase esta documentación, ou parte da mesma, a outra convocatoria de axudas do Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con que achegue unha declaración especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que consta, debendo anexar unicamente a documentación que falte ou non estea actualizada.

BASE 8ª.- Gastos do proxecto

8.1. Gastos subvencionables:

Serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos do programa, proxecto ou actividade subvencionada. Entenderanse como "custos directos" aqueles que resulten imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención, e que financian a consecución dos seus obxectivos. Para os efectos da concesión da axuda teranse en conta:

- a) *Materiais consumibles: considéranse os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano, tales como material de escritorio, material informático, material de formación, reprografía e imprenta.*
- b) *Persoal: os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios e seguros sociais do persoal afecto ao proxecto a cargo da entidade. Para o caso de que se imputen gastos de coordinación, esta actividade deberá ser realizada por persoa física distinta da responsable do proxecto. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal con-*

tratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

- c) *Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de análise de necesidades, diagnósticos, capacitacións, seminarios, informes..., previstos para a realización do proxecto.*

Considéranse “custos indirectos” os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante que resultan da formulación e execución do proxecto. Non poderán superar o 5% do orzamento total do proxecto. Estes gastos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales gastos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo acreditarse a porcentaxe aplicada mediante declaración responsable.

8.2. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables:

- Os bens e equipamentos inventariables*
- Os xuros debedores das contas bancarias*
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais*
- Os gastos de procedementos xudiciais*
- As amortizacións de bens inventariables*
- Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, froes, entradas a espectáculos, etc.).*

BASE 9ª.- Criterios de valoración

A concesión destas subvencións terá lugar en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Política de Benestar para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolles as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse algunha renuncia, esta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, ó incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

A.- Criterios relacionados coa entidade: ata 15 puntos, desagregados da seguinte forma:

- 1. Segundo a experiencia no sector determinada pola maior implantación na cidade, ata un máximo de 4 puntos graduados do seguinte xeito:*
 - Entidades con 10 ou máis anos de antigüidade: sempre, 4 puntos.*
 - Entidades cunha antigüidade de máis de 5 anos e menos de 10: sempre, 2 puntos.*
 - Entidades cunha antigüidade igual ou menor de 5 anos: 1 punto.*

2. Valorarase cun máximo de 6 puntos a capacidade de execución do proxecto, tendo en conta os recursos humanos e técnicos adicados ao mesmo así como a súa cofinanciación, graduándose do seguinte xeito:

- *Proxectos que a entidade poida levar a cabo por sí mesma, independentemente de que se conceda ou non o importe solicitado nesta subvención: 6 puntos.*
- *Proxectos que a entidade poida levar a cabo co importe da achega propia, o importe da subvención concedida de acordo con estas bases e/ou co solicitado a outras institucións públicas ou privadas: 4 puntos.*
- *Proxectos que a entidade poida levar a cabo co o importe da subvención concedida de acordo con estas bases e/ou co solicitado a outras institucións públicas ou privadas, aínda que non exista achega da propia entidade: 2 puntos.*
- *Proxectos que non poidan ser executados pola entidade solicitante, sen que se lles conceda o 100% da subvención solicitada e aqueles integrados en proxectos autonómicos ou nacionais que aínda cando a entidade dispoña de sede na cidade, utilicen os recursos humanos da entidade a nivel autonómico ou nacional: 0 puntos.*

3. Valorarase cun máximo de 5 puntos a achega financeira da entidade ó proxecto, aplicando a seguinte regra:

- *A entidade non achega recursos propios ao proxecto: 0 puntos.*
- *A entidade achega recursos propios ata o 20% do importe do proxecto: 1 punto.*
- *A entidade achega recursos propios de entre o 21% e o 40% do importe do proxecto: 2 puntos.*
- *A entidade achega recursos propios de entre o 41% e o 80% do importe do proxecto: 4 puntos.*
- *A entidade achega recursos propios de mais 81% do importe do proxecto: 5 puntos.*

B.- Criterios relacionados co contido do proxecto: ata 25 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. *Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada, máximo: 10 puntos, graduados do seguinte xeito:*

- *Proxectos nos que se defina correctamente o ámbito de actuación, a finalidade, obxectivos, destinatarios ós que se dirixe, resultados agardados, recursos necesarios, plan de viabilidade, comunicación e publicidade, fases de proxecto, etc.: 10 puntos.*
- *Proxectos nos que os obxectivos están definidos de xeito máis xeral, analizando unha problemática no ámbito ou colectivo para o que se solicita a subvención, sen determinar beneficiarios, pero que conteñen os aspectos máis importantes do mesmo, dos cales se deduz a súa plena execución: 5 puntos.*
- *Proxectos nos que se definan obxectivos e fins dun xeito indicativo sen pormenorizar ningunha das actuaciónes que se pretenden levar a cabo: 1 punto.*

2. *Accións que se van desenvolver, prazo de execución e coherencia na programación temporal, máximo: 5 puntos, graduados do seguinte xeito:*

- *Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a actividade se realice fisicamente cos beneficiarios durante todo o ano: 5 puntos.*
- *Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e teñan unha programación para un trimestre ou máis: 3 puntos.*
- *Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a programación sexa inferior a un trimestre: 1 punto.*

3. Coherencia das aplicacións orzamentarias cos obxectivos de proxecto: máximo 5 puntos.

- *Proxectos que presenten unha estudada viabilidade, un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos por fontes de financiamento e considerando os custos indirectos que ocasiona a execución en todas as fases: 5 puntos.*
- *Proxectos que presenten un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos e considerando custos indirectos que ocasiona a execución: 3 puntos.*
- *Proxectos que presenten un presuposto de custo da actividade no que se indique só o gasto global para súa execución: 1 punto.*

4. Poboación beneficiaria: máximo 5 puntos, graduados do seguinte xeito:

- *Proxectos nos que os beneficiarios sexan os directos destinatarios do programa: 5 puntos.*
- *Proxectos nos que nos beneficiarios do programa inclúense destinatarios directos e indirectos: 3 puntos.*
- *Proxecto que poidan levarse a cabo aínda sen a participación directa de destinatarios: 1 punto.*

Serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 7 puntos nos contidos do apartado A e un mínimo de 15 puntos na suma de todos os criterios.

BASE 10ª.– Instrucción e resolución do procedemento

A instrucción do procedemento de concesión das subvencións corresponderá ao/á funcionario/a técnico/a que se designe do Departamento de Benestar social que, de oficio, examinará as solicitudes e a documentación anexa e realizará todas as actuacións que sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos a ter en conta na súa avaliación e resolución, incluíndo a petición dos informes que, de ser o caso, se estimen necesarios.

Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados no artigo 70 da LRX-PAC, ou non se acompañe a documentación que de acordo con estas Bases resulte esixible, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así nono fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei.

Durante o proceso de valoración das solicitudes poderase citar ás entidades e asociación para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude, dirixindo os oportunos requirimentos ao enderezo de correo electrónico que para estes efectos se indique na solicitude.

A Xunta de Goberno Local, por proposta do órgano instructor e previo informe da Comisión de Avaliación, resolverá motivadamente conceder ou denegar as solicitudes de subvención presentadas e admitidas.

O expediente de concesión de subvención conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

BASE 11ª.- Publicidade

- Publicidade da convocatoria e das Bases reguladoras:

Unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, esta convocatoria, coas Bases reguladoras da concesión das axudas, será publicada no correspondente diario oficial (BOP), anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada e na paxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As Bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus Anexos facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas de Benestar social e a través da web municipal.

- Publicidade das subvencións concedidas:

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes Bases e convocatoria serán publicadas no BOP cando a súa contía sexa de 3.000 €, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. A publicidade das de contía inferior á indicada realizarase unicamente na web do Concello.

- Publicidade do financiamento público:

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento municipal do proxecto ou programa en todas as actividades e comunicacións que realicen, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.

BASE 12ª.- Composición e funcións da Comisión de Avaliación

A Comisión de Avaliación estará integrada pola Concelleira de Política de Benestar, en calidade de presidenta e, como vogais da mesma, o xefe de área, a xefa do servizo e un/ha funcionario/a do Departamento de Benestar social designado/a para o efecto, actuando un deles como secretario/a. Á vista do actuado polo órgano instructor, a Comisión emitirá informe concretando o resultado da avaliación realizada.

BASE 13ª.- Prazo de resolución e notificación. Recursos

O prazo para a resolución do expediente será de 4 meses como máximo, desde o último día fixado para a presentación das solicitudes no Rexistro xeral. A resolución será notificada a todos os interesados na forma prevista na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

O transcurso dese prazo máximo sen que se teña notificado a resolución expresa, lexitimará ós interesados para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión da subvención.

A resolución da Xunta de Goberno Local esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición perante ese mesmo órgano no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo cos artigos 116 da LRX-PAC e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

BASE 14ª.- Obrigas dos beneficiarios

A concesión das subvencións ás entidades beneficiarias implica a asunción de todas as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións públicas a entidades sen ánimo de lucro. En concreto, obríganse especificamente a:

- Realizar o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.*
- Empregar a lingua galega na realización das actividades.*
- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos establecidos, así como á realización da actividade e ao cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.*
- Colaborar coas actuacións de comprobación e información, quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.*
- Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.*
- Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.*
- Facer constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo- Política de Benestar, comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.*
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*
- Cumprir coas demais obrigas consignadas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG.*

BASE 15ª.- Prazo e forma de xustificación

Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.

A xustificación das axudas deberase presentar no Rexistro xeral deste Concello, como máximo, ata o 31 de outubro de 2015. Con todo, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, este prazo poderá ser ampliado excepcionalmente e de forma motivada, sempre de acordo coa normativa orzamentaria aplicable, as Bases de execución do orzamento e as normas xerais de peche do exercicio que se acorden.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da LXS e 28 da LSG, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá Memoria de actuación e Memoria económica xustificativas.

A documentación para xustificar a subvención presentarase no Rexistro xeral e constará de tres partes:

- 1) Xustificación técnica: indicará, co máximo detalle, os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, así como a análise de súa sustentabilidade futura e incluirá:*

- *Certificación da persoa que desempeña a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado.*
- *Memoria de execución, por duplicado, dos obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada pola persoa responsable do proxecto.*

2) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizárase mediante a forma de conta xustificativa. Presentarase utilizando o Anexo III, que inclúe:

- *Unha relación clasificada de gastos vinculados á subvención.*
- *Facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, incorporados na relación anterior e polo importe subvencionado. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD.1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento regulador da obrigas de facturación. Terase en conta como importe xustificativo a base impositiva do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, a non ser que se acredite, mediante declaración responsable, que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.*
- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.*
- *Os documentos xustificativos deberán comprender os gastos vinculados de forma directa ao ano 2015.*
- *Declaración responsable sobre os seguintes extremos:*
 - *Que os gastos son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.*
 - *Que a entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.*
 - *Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.*
 - *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
 - *Que se atopa ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Comunidade Autónoma de Galicia e Tesourería da Seguridade Social.*

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de... euros

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se im-

puta total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención en caso de que non se execute algunha das actividades previstas no proxecto ou de que se incumpra algunha das obrigas do beneficiario. Así mesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

BASE 16ª.- Seguimento

O persoal técnico do Departamento de Benestar social será o encargado do seguimento da execución das subvencións así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante a emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención e a conformidade cos documentos xustificativos presentados ou, de ser o caso, aquelas circunstancias que imposibilitan a súa aprobación.

BASE 17ª.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes Bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa vixente en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LRX-PAC e na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo, perante a que os/as interesados/as poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

BASE 18ª.- Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigos 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, do 21 de xuño; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXO I

SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.

ANO: 2015

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME COMPLETO DA ENTIDADE

NIF

--	--

ENDEREZO

LOCALIDADE

--	--

CÓDIGO POS-
TAL

PROVINCIA

TELEFONO

FAX

CORREO ELECTRONICO

--	--	--	--	--

DATA DE CONSTITUCIÓN

DATA E/OU NÚM. INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS MUNICI-
PAL

--	--

RESPONSABLE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS

DNI

--	--

DATOS DO PROXECTO

TÍTULO DO PROXECTO

--

CUSTO TOTAL DO PROXECTO

SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)

% COFINANCIAMENTO POLA ENTIDADE

--	--	--

FINANCIAMENTO DO PROXECTO (EN €)

ENTIDADE

IMPORTE

	ENTIDADE	IMPORTE
1. CUSTO TOTAL		
2. SUBVENCIÓN SOLICITADA		
3. OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS)		
4. ACHEGA PROPIA		
5. ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFIQUESE O ORGANISMO)		
6. OUTRAS PETICIÓNS REALIZADAS PENDENTES DE RESPOSTA (INDTIFIQUESE ORGANISMO)		

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO

NOME E APELIDOS

--

ENDEREZO

TELEFONO

ENDEREZO ELECTRÓNICO

--	--	--

DOCUMENTACIÓN

1. Orixinal documento de formulación do proxecto

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades a realizar
- Número aproximado de persoas que se benefician e para as que se destina o proxecto.
- Calendario de actividades
- Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.

2. Documentación administrativa:

a) Certificación asinada polo/a secretario/a da entidade relativa a:

- Representación da persoa responsable legal da entidade. A falta de certificación do/a secretario/a, presentárase poder bastante sobre a representación para o seu responsable.
- Acordo adoptado pola entidade para solicitar a subvención.
- Disponibilidade de sede central ou delegación permanente en Vigo.
- Composición do órgano de goberno da entidade (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe aos postos de representante legal e secretario/a).
- NIF da entidade.
- Nº de socios da asociación.

b) Declaración responsable do/a representante legal da entidade en que se faga constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o modelo que figura como Anexo II.

c) Declaración responsable do/a representante legal da entidade en que se faga constar estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais, e coa Seguridade Social, segundo o modelo que figura como Anexo II.

d) Declaración responsable do/a representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas a entidades públicas ou privadas para mesma finalidade segundo o modelo que figura como Anexo II.

e) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais, así como o documento da designación do representante común.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

	a	de	de
--	---	----	----

ANEXO II

SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.	ANO: 2015
---	-----------

1. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

DATOS DA CONTA DO/DA SOLICITANTE DA AXUDA

NOME DA ENTIDADE BANCARIA

--

Nº DE CONTA BANCARIA

--

2. DECLARACIÓN

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos consignados na solicitude e acepto someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicite e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiaria segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento atópase ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais, e coa Seguridade Social e que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a esta entidade SI / NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade:

Relación de axudas solicitadas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia)	Importe

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

	a	de	
--	---	----	--

ANEXO III

e) Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos realizados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

f) Que a actividade foi realizada de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención, e que o custo total de dita actividade foi de _____ €

g) Que se acompañan as facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente esixidas na Base 15^a. Terase en conta como importe xustificativo a base imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.

Esta entidade SI / NON está obrigada a presentar declaración por IVE.

h) Que os gastos que constitúen rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención foron practicados, declarados, liquidados e ingresados na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

i) Que a asociación está actualmente ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e Concello de Vigo

SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE

Lugar e data

	a	de	de
--	---	----	----

GUIÓN A SEGUIR PARA MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

A. SOBRE A ENTIDADE

- Datos da entidade solicitante**
Nome da entidade, NIF, natureza xurídica (asociación, cooperativa, fundación, federación...), número de Rexistro de Entidades, horario habitual de atención, persoa responsable do proxecto.
- Ámbito prioritario de intervención da entidade.**
Temático, poboacional ou por destinatarios (acción social, familias, nenos, xente maior, persoas recen chegadas, poboación con necesidades específicas, poboación en xeral...).
- Principais proxectos e/ou servizos desenvolvidos.**
- Recursos técnicos e materiais.**
Recursos humanos (profesionais asalariados/colaboradores/voluntarios...); equipamentos ou espazos propios e outros.

B. SOBRE O PROXECTO PRESENTADO

- Identificación.**
Denominación, modalidade ou ámbito temático prioritario que aborda, lugar de realización da actividade ou servizo, persoas destinatarias, outras entidades colaboradoras, data de inicio e data de finalización.
- Breve descrición.**
Resumo do proxecto, antigüidade do proxecto, orixe da idea, significación dentro da entidade ou do equipo de traballo, expectativas, oportunidade de desenvolvemento, etc.
- Finalidade o proxecto.**
Situación sobre a que se require intervir, o reto do proxecto.
- Obxectivos.**
Obxectivo xeral (acción xenérica que dá sentido ao proxecto), obxectivos específicos (accións concretas e ben definidas que se queren alcanzar).
- Resultados esperados.**
O impacto concreto que terá a vosa acción unha vez levada a cabo. Sistemas de seguimento e avaliación previstos.
- Recursos mínimos necesarios para desenvolver o proxecto.**
Humanos (número de persoas que colaborarán no proxecto) infraestruturas (locais, instalacións, equipos técnicos), materiais (o que teredes que alugar ou comprar, funxible ou non), económicos (capital mínimo para poder executar o proxecto).
- Plan de viabilidade económica do proxecto.**
Gastos previstos, por tipoloxías (en recursos humanos, en material, en transporte, en infraestruturas, en viaxes e desprazamentos, en aloxamento, en dietas, en seguros, en publicidade e outros). Total de gastos previstos.
Ingresos previstos (os aportados pola entidade, esta subvención, outras subvencións previstas, outros). Total de ingresos previstos.
- Plan de comunicación e publicidade.**
Productos que se previron (carteis, dípticos, trípticos ou outros programas de man, bandoleiras, web, outros medios de difusión). Campañas ou accións concretas de difusión.
- Fases do proxecto (actividades relevantes e calendario básico).**
Fases (denominación e breve descrición de cada unha), actividades relevantes de cada fase (breve descrición do que vai pasar), calendario básico (datos do inicio e de finalización de cada actividade descrita).

RENUNCIA

SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓN S DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.	ANO: 2015
--	------------------

NOME COMPLETO DA ENTIDADE				NIF	
ENDEREZO				LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRONICO	

RESPONSABLE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----

En relación á resolución pola que se nos concedeu unha subvención por importe de _____ euros para levar a cabo a actividade denominada _____

_, esta entidade decidiu **RENUNCIAR** á mesma polos seguintes motivos:

SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE

Lugar e data

	a	de	de
--	---	----	----

3(436).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE BANCOS. EXPTE. 7842/446.

Dáse conta da proposta do 10.04.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 10 de abril de 2015, entre outros, acordou:

5.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos. (expediente 7842-446).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 19-03-2015, 25-03-2015 e 10-04-2015 e do informe do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 08 de abril 2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 25-03-2015, de “Non admitir na presente licitación a empresa EQUIPAMIENTOS DEPORTIVOS, S.A., por non ter declarada que o obxecto social da empresa garda relación directa co obxecto do contrato e non declarar a solvencia técnica esixida para participar neste procedemento”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos. (expediente 7842-446)” no seguinte orde decrecente:

<i>Empresas</i>	<i>Puntuación total</i>
<i>Mobiliario Urbano y Parques de Castilla SLU.</i>	<i>100</i>
<i>Olprim Ingenieria y Servicios, S.A</i>	<i>95,78</i>
<i>Parques y Jardines Fabregas SAU.</i>	<i>87,35</i>
<i>Galitec desarrollos tecnológicos, S.L</i>	<i>77,45</i>
<i>Bricantel España, S.L</i>	<i>31,87</i>
<i>Moycosa SA</i>	<i>19,44</i>

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Mobiliario Urbano y Parques de Castilla SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 637,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(437).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A EIRIÑA S.L. EXPTE. 5016/241.

Visto o informe de fiscalización do 8.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 10.04.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por UTE EIRIÑA-IMESAPI, S.A. CALLE URZAIZ no que se solicita a devolución da fianza de 71.771,53 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa Urzáiz, tramo Gran Vía-Gregorio Fernández, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a EIRIÑA, S.L. a fianza de 71.771,53 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa Urzáiz, tramo Gran Vía-Gregorio Fernández, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 4 de decembro de 2009 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e transcorre-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(438).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES PARA A ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS DE 2015 “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS”. EXPTE. 6007/335.

Visto o informe xurídico do 24.03.15, o informe de fiscalización 8.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 18.02.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o Concelleiro de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Con data 16 de marzo de 2015, o concelleiro da área de Cultura, Festas e Museos resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de bandas de música populares de Vigo (entidade inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 857-03).

O obxecto deste convenio é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do termo municipal agrupadas na Federación de Bandas, a través da programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade, dentro do programa "Vigo, un mar de bandas", e do desenvolvemento do programa de formación continua para músicos, a través do programa "Aulas de música nas bandas".

Cómpre salientar que no ano 2008 se refundiron os dous programas ("Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de música nas bandas") nun único convenio, feito que se repite ata este ano.

Con relación ao programa "Vigo, un mar de bandas", establécense en total noventa actuacións, dez para cada unha das nove bandas asinantes (sendo unha delas de carácter gratuito). O importe por actuación e banda fíxose por parte da Federación de Bandas nas contías que figuran na proposta económica que consta no expediente, sendo que o importe total das 90 actuacións ascende a 95.643 euros. O Concello aboará a cantidade de 607,00 euros, en concepto da planificación de actividades complementarias e da coordinación das actuacións recollidas no convenio; e de 50.000,00 euros para o desenvolvemento do programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas", de acordo co proxecto que se achega ao expediente.

Os resultados do convenio nas súas anteriores edicións foron satisfactorios para as partes asinantes. Incorpórase ó expediente escrito de conformidade co texto do convenio por parte da Federación de Bandas de música populares de Vigo, así como orzamento de programación para este ano.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

A presente axuda acóllese ó réxime excepcional de concesión directa conforme ó artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Federación de Bandas de música populares de Vigo no capítulo 4 do vixente orzamento (Convenio Federación de Bandas de música).

O importe total do convenio ascende a 146.250,00 euros, con cargo á partida 3380.489.0002 (Convenio Federación de bandas música) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio prorrogado. Este importe aboarase á Federación de Bandas de Música populares de Vigo do seguinte xeito:

- a) Un primeiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena do mes de maio polo importe correspondente ao número de actuacións deste período e polo importe correspondente do programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas".

b) Un segundo pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de setembro polo importe correspondente ao número de actuacións deste período (xuño, xullo, agosto e primeira quincena de setembro) e polo importe correspondente do programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas".

c) Un terceiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na primeira quincena de decembro polo importe correspondente ao número de actuacións desde último período (segunda quincena de setembro, outubro, novembro e decembro).

A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes dos tres pagamentos, as memorias parciais de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.

A beneficiaria xunto coa solicitude do terceiro pagamento deberá presentar ademais un informe final relativo ó desenvolvemento do programa "Vigo, un mar de bandas" así como memoria-avaliación final das actividades correspondentes ó programa "Aulas de música nas bandas". En particular e con relación ao programa "Aulas de música nas bandas", esta memoria debe incluír a maiores: relación de cursos e actividades realizadas (entidades, profesorado, duración, etc), contido das materias impartidas e número de alumnos participantes das diferentes actividades.

Os devanditos pagamentos tramitaranse previa certificación do persoal técnico do servizo de Festas, na que especifique que procede por cumprirse o estipulado no convenio.

A exclusividade dos programas considérase acreditada nos proxectos presentados pola antedita Federación, así como o seu interese público e social.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado de Cultura, Festas e Museos para asinar o citado convenio,

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural e do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos faise á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de música populares de Vigo, para a organización dos programas "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de música nas bandas" para o ano 2015.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 146.250,00 euros a favor da Federación de Bandas de música populares de Vigo (CIF G-36.855.906) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 3380.489.0002 (Convenio Federación de Bandas de música) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio prorrogado."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE VIGO PARA O ANO 2015.**

Na Casa do Concello de Vigo, cinco de xullo de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELEIRO DELEGADO DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS na representación legal do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO, en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xullo, e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo.

Doutra, don. ENRIQUE LORENZO VILA, como presidente e en representación da FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF nº G-36.855.906, inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 857-03 e enderezo social na rúa Canteiros nº 53 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 5453/335

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo, en colaboración coa Federación de Bandas de música populares de Vigo, ven realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo mediante a programación de ciclos de concertos e actuacións en distintos barrios da cidade ao longo de todo o ano e a través da formación continua dos integrantes das nove bandas de música de Vigo.

II.- Que a Federación aglutina todas e cada unha das bandas de música da cidade de Vigo.

III. Que dende o ano 1990, O Concello e a Federación veñen subscribindo convenios de colaboración de forma ininterrompida (programa "Vigo, un mar de bandas"), con resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Que dende o ano 2001-2002, véñse desenvolvendo o programa "Aulas de música nas bandas". A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

V.- Que o Concello en colaboración coa Federación pretende acadar dous obxectivos: a formación continua dos integrantes das bandas de música en Vigo, e achegar deste xeito unha oferta musical de maior calidade ós cidadáns fomentando a creación de novos públicos.

VI.- Que a exclusividade dos dous programas considérase acreditada no proxecto presentado pola Federación.

VII.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento prorrogado, na partida 3380.489.0002, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 146.250,00 euros (cento coarenta e seis mil douscentos cincuenta), a favor da entidade FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO.

VIII.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente

nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do termo municipal agrupadas na Federación, a través dos seguintes programas:

- “Vigo, un mar de bandas”, cuxo propósito é o de achegar a música ós cidadáns e fomentar a creación de novos públicos, coa programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade.
- “Aulas de música nas bandas”, cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía.

IX.- Que a entidade Federación de bandas de música populares de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 6007-335

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Federación de Bandas de música populares de Vigo comprométese a colaborar co servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” e, concretamente, a:

1º.- Que cada unha das nove bandas representadas a través da beneficiaria e relacionadas no pacto cuarto deste Convenio realicen dez actuacións, unha delas de carácter gratuíto a decidir polo Concello. En total, realizaranse noventa actuacións.

O servizo de Festas comunicará á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:

- Se a data indicada estivese dispoñíbel, a banda quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.
- Se a data estivese comprometida previamente, a banda terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.
- Toda a actuación que se realice sen a autorización previa do servizo de Festas non será aboada con cargo a este convenio.

2º.- Cumprir a programación obxecto do programa “Aulas de música nas bandas” segundo o proxecto e presuposto presentados, que se achegan ó expediente, podendo a tal fin concertar con terceiros a execución das actividades de formación.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ó proxecto; dotar de material necesario e profesorado titulado co fin de acadar os obxectivos previstos no programa “Aulas de música nas bandas”.

4º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento dos programas “Vigo un mar de bandas” e “Aulas de músicas nas bandas”, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

5º.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que poidan xerarse como consecuencia das actuacións dos alumnos.

6º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

7º.- Publicitar de xeito adecuado o inicio dos cursos do programa “Aulas de música nas bandas” que figura no convenio, no mes de xaneiro, para o cal inseriranse dous anuncios en días alternos nos tres principais medios de comunicación escritos locais. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa “Aulas de música nas bandas”.

8º.- A beneficiaria deberá repartir a cada unha das bandas asinantes as nove estruturas publicitarias desmontábeis cos logotipos oficiais. Estas estruturas deberán estar presentes nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel. Así mesmo, cada banda responsabilizase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.

9º.- As bandas presentarán á Federación beneficiaria solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes “certificacións de actuación” (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) e segundo os prazos establecidos na cláusula sexta.

10º.- Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Cultura, Festas e Museos deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.

- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.

- Cubrir a “certificación de actuación”, da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

- Presentar o concerto, facendo unha mención breve ao historial da banda, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que concerte coa beneficiaria.

2º.- Comunicarlle á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais. Debido a isto, poderá desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.

3º.- Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4º.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa beneficiaria, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ao aire libre en zonas peonís, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respectar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.

5º.- Conceder directamente á Federación de Bandas de música populares de Vigo, unha subvención por importe de 146.250,00 (cento corenta e seis mil douscentos cincuenta) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas”.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- O número total de actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” será de 90 (noventa), sendo unha delas, por cada unha das nove bandas asinantes, de carácter gratuíto no lugar, data e hora que determine o Concello.

As contías que se establecen por actuación e banda, á proposta da beneficiaria, son as seguintes:

Unión musical de Valladares	1.255,00 €
Escola de Música de Beade	1.255,00 €
Agrupación musical Atlántida de Matamá	1.255,00 €
Unión musical de Coruxo	1.188,00 €
Lira de San Miguel de Oia	1.188,00 €
Escola de música da UVCD de Candeán	1.188,00 €
Unión musical de Cabral	1.188,00 €
As Delicias do Caeiro – Cabral	1.055,00 €
Ateneo musical de Bembrive	1.055,00 €

Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras para os músicos,...), ascendendo o importe total do programa “Vigo un mar de Bandas” a 95.643,00 euros. Cada banda realizará unha actuación de carácter gratuíto.

O Concello aboará a cantidade de 607,00 euros, en concepto da planificación de actividades complementarias e da coordinación das actuacións recollidas no convenio; e de 50.000,00 euros para o desenvolvemento do programa de formación continua para músicos por parte das bandas “Aulas de música nas bandas”, de acordo co proxecto que se achega ao expediente.

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio realizarase por transferencia bancaria ao IBAN ES05 2080 5128 0730 4000 3665, domiciliada en ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:

a) Un primeiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena do mes de maio polo importe correspondente ao número de actuacións deste período, e polo importe correspondente ao programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas".

b) Un segundo pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de setembro polo importe correspondente ao número de actuacións deste período (xuño, xullo, agosto e primeira quincena de setembro), e polo importe correspondente do programa de formación continua para músicos por parte das bandas "Aulas de música nas bandas".

c) Un terceiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na primeira quincena de decembro polo importe correspondente ao número de actuacións desde último período (segunda quincena de setembro, outubro, novembro e decembro).

A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes dos tres pagamentos, as memorias parciais de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.

A beneficiaria xunto coa solicitude do terceiro pagamento deberá presentar ademais un informe final relativo ó desenvolvemento do programa "Vigo, un mar de bandas" así como memoria-avaliación final das actividades correspondentes ó programa "Aulas de música nas bandas". En particular e con relación ao programa "Aulas de música nas bandas", esta memoria debe incluír a maiores: relación de cursos e actividades realizadas (entidades, profesorado, duración, etc), contido das materias impartidas e número de alumnos participantes das diferentes actividades.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo na imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Décimo primeiro.- A beneficiaria, nas datas indicadas no pacto sexto, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral unha memoria-avaliación dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas”, onde figurarán como mínimo:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- Facturas das actuacións realizadas emitidas á Federación polas bandas asociadas (programa “Vigo, un mar de bandas”), que serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*
- En ningún caso se admitiran simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- No caso do programa “Aulas de música nas bandas” achegaranse as correspondentes facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio conforme o establecido no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes (os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou*

extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da seguridade social).

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 146.250 euros.”

Décimo segundo.- Antes de proceder aos pagamentos da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polo servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- O Concello poderá descontar no último pagamento as contías correspondentes por actuación e banda (recollidas no pacto cuarto) polos seguintes motivos:

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;
- Por non ter presente a estrutura publicitaria en dous concertos.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. O Concello resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posíbel axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase en base ás “certificacións de actuación” asinadas pola entidade correspondente, ás memorias e informes que presente a beneficiaria e da presenza de persoal técnico da Concellería de Festas durante os concertos ou actividades que se determinen.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Vixésimo.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo primeiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo segundo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo.

Vixésimo terceiro.- As actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle ao Concello, en coordinación coa beneficiaria.

Con carácter xeral, quedan excluídas do convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais, así como aqueles concertos programados dentro do mesmo ámbito territorial parroquial asociado á mesma banda de música.

Así mesmo, poderanse realizar actuacións en desfiles, pasacalles ou procesións ata un máximo de 14 actuacións, entre elas as seis procesións seguintes de ámbito de cidade realizadas no centro urbano: A Borriquilla (domingo de Ramos), A Paixón (xoves santo), Santo Enterro e Virxe da Soedade (venres santo), Cristo da Victoria e Santa María (patroa de Vigo).

Con carácter excepcional e a proposta da Concellería de Cultura, Festas e Museos, poderanse autorizar a programación doutras actuacións e concertos que non cumpran as condicións anteriores.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o Concello poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándosele por este concepto a cantidade estipulada anteriormente.

As actividades recollidas no programa “Aulas de música nas bandas” están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e gratuíto. O límite de alumnos estará determinado polo número

de prazos dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados. Realizaranse ademais intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa con obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música. Ao final do curso entregaranse diplomas acreditativos do seu paso pola rede de escolas do programa. Está prevista tamén a distinción de alumnos destacados a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN
BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO,
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2015”**

D/D^a.....
NIF....., en representación da entidade
..... con domicilio
social na rúa.....núm.....
.....CP.....correo electrónico

EXPÓN:

1. Que a banda popular de música.....realizou o concerto programado pola Concellaría de Cultura, Festas e Museos na citada entidade, o día .
.....de de 2015, en.....
.....
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

OBSERVACIÓNS:.....
.....

VIGO, de de 2015

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DE
BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO NO 2015
"VIGO, UN MAR DE BANDAS "

D/D^a.....en
representación da entidade
CIF, con domicilio social na rúa
.....núm....., da cidade de VIGO, teléfono/s de
contacto.....fax.....
correo electrónico(imprescindible)

SOLICITA que o servizo de Festas da Concellaría de Cultura, Festas e Museos programe a actuación de bandas populares de música de Vigo con cargo ao convenio para o exercicio 2015, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e DECLARA coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían según o estipulado nas condicións dos beneficiarios:

1.-Lugar de actuación.....

Datas	Horarios	Nome da actividade onde se encadran as actuacións

2. As bandas serán designadas pola Concellaría de Cultura, Festas e Museos según a súa disponibilidad.

Vigo, de de 2015

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2015”

OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICARIAS

Aquelas entidades beneficiarias da realización de concertos programados pola Concellaría de Cultura, Festas e Museos, deberán asumir os seguintes compromisos:

–Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo, que se achega, naquel que edite a propia entidade.

–Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.

–Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, conformando a execución do concerto e indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do mesmo.

–Presentar o concerto, facendo unha mención breve ao historial da banda, repertorio a executar, e entidades que colaboran para a programación do concerto.

6(439).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ORECO S.A. CONSTITUÍDO POLO CONTRATO DO PROXECTO MODIFICADO E COMPLEMENTARIO DO DE EXECUCIÓN DE REFORMA E ADAPTACIÓ DO AUDITORIO MUNICIPAL. EXPTE. 5956/335.

Visto o informe de fiscalización, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 8.04.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

En data 17 de decembro de 2010, por parte da empresa ORECO S.A., constituíse un aval por importe de 5.402,51 euros para o contrato de obra do “Proxecto modificado e complementario do de execución de reforma e adaptación do Auditorio municipal” (expediente 3827/335).

Unha vez realizados todos os traballos correspondentes ao devandito contrato, a empresa adxudicataria, ORECO S.A., en data 9 de xaneiro de 2015, solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 7 de abril de 2015, o arquitecto municipal informa que se pode proceder á devolución do aval tras comprobar que os traballos foron executados e que se atopan en bo estado de conservación, sen ter constancia de posíbeis causas que puidesen impedir a devolución das garantías solicitadas.

Polo exposto, previo informe da Intervención de fondos e coa conformidade do xefe de Xestión e Promoción cultural e dos concelleiros delegados das Áreaa de Cultura, Festas e Museos e de Economía e Facenda proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

“Que polo Servizo de Intervención municipal se proceda á devolución do aval constituído en data 17 de decembro de 2010 por ORECO S.A. con CIF A-36.614.691, polo importe de 5.402,51 euros, para o proxecto modificado e complementario do de execución de reforma e adaptación do Auditorio municipal, tras a correcta execución por parte da empresa adxudicataria.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(439).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XXXVI CROSS MOSTEIRO BEMBRIVE, O VINDEIRO 19 DE ABRIL. EXPTE. 13950/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.04.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Anpa Bene Vivere do Colexio Mosteiro Bembrive, con CIF (G 36774768), solicitou o día 11-03-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150029639) autorización do Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: XXXVI CROSS MOSTEIRO BEMBRIVE*
- *Data: 19 DE ABRIL DE 2015*

A Anpa Bene Vivere do Colexio Mosteiro Bembrive, remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao evento deportivo XXXVI CROSS MOSTEIRO BEMBRIVE, esta carreira percorrerá pola Estrada de Bembrive, comenzando ás 10.00h e rematando ás 12.30h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo :

PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a Anpa Bene Vivere do Colexio Mosteiro Bembrive, CIF(G 36774768), a organizar o vindeiro domingo 19 de abril de 2015, a carreira denominada XXXVI CROSS ESCOLAR

MOSTEIRO BEMBRIVE, a carreira percorrerá pola Estrada de Bembrive, dita carreira comenará ás 10.00h e rematará á s12.30h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(440).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “10 KM CIDADE UNIVERSITARIA”, O VINDEIRO 26 DE ABRIL. EXPTE. 13876/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.04.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Universidade de Vigo (Servizo de deportes), con CIF (Q8650002B), solicitou o día 4-02-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150014107) autorización do Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento:10 km CIDADE UNIVERSITARIA*
- *Data: 26 de abril de 2015*

A Universidade de Vigo co Servizo de Deportes, remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao evento 10km Cidade Universitaria, Haberá unha andaina que comenará ás9,30 h e rematará ás 12.30h e transcurrirá polo interior do Campus e a área forestal de Beade. Ás 11.00h comenará a proba 10KM CIDADE UNIVERSITARIA que percorrerá pola Estrada de circunvalación do Campus Universitario Lagoas-Marcosende, tramo da estrada de acceso ao Campus dende a Autovía A-52 situado entre a entrada á Cidade Deportiva do Circulo Mercantil, e a rotonda que marca o inicio da circunvalación ao propio Campus Universitario, interior da Cidade Deportiva do Círculo Mercantil de Vigo, e viais interiores do Campus Universitario Lagoas-Marcosende,está proba rematará ás 12,30h

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Montes, parques e xardíns*
- *Protección civil*
- *Seguridade*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva

integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Universidade de Vigo con CIF (Q8650002B) a organizar o vindeiro domingo 26 de abril de 2015, a carreira denominada 10 Km Cidade Universitaria, a proba comenará cunha andaina a partir das 9.30h que percorrerá polo interior do Campus e área forestal de Beade e as 11.00horas comenará a carreira que transcurrirá pola Estrada de circunvalación do Campus Universitario Lagoas-Marcosende, tramo da estrada de acceso ao Campus dende a Autovía A-52 situado entre a entrada á Cidade Deportiva do Circulo Mercantil, seguindo pola rotonda que marca o inicio da circunvalación ao propio Campus Universitario, interior da Cidade Deportiva do Círculo Mercantil de Vigo, e viais interiores do Campus Universitario Lagoas-Marcosende rematando ás 12.30 h, o percorrido da carreira terá un circuíto de 5.000 m.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(441).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. EXPTE. 4979/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.03.15, o informe de fiscalización do 1.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 27.03.15, conformado pola concelleira de Igualdade e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23 de marzo de 2012, acordou adxudicar á entidade "Mulleres Progresistas de Vigo" a xestión do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia. A retribución, según recolle o documento do contrato asinado entre as partes foi de 16,30 €/hora e o prezo anual fixouse en 153.100,00 €.

Segundo establece a cláusula cuarta do contrato éste terá unha duración de dous anos e posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, contados a partir do 1 de maio de 2012.

A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 7 de novembro de 2014 acorda aprobar a revisión de prezos do contrato, establecendo éste a partir do 1 de maio de 2014, na cantidade de 158.198,43 €/ano e o prezo/hora do servizo na cantidade de 16,85 €/hora.

A xestión do servizo por parte da empresa concesionaria é correcta polo que se valora procedente continuar coa mesma xestora e proceder á tramitación dunha segunda prórroga do contrato; cómpre pois, proponer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 1 de maio de 2015 ao 30 de abril de 2016 (ambos incluídos).

Mediante escrito de data 9/03/2015 a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, presta a súa conformidade á proposta de prórroga.

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 158.198,43 euros. O devandito gasto farase efectivo con cargo á

partida "servizo de atención domiciliaria á infancia" 2311 227 9902 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2016 da concellería de igualdade, desglosado do seguinte xeito: 105.465,62 € con cargo ao orzamento vixente e bolsa de vinculación xurídica e 52.732,81 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o exercicio 2016 na partida 2311 2279902.

Atendendo á instrucción 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría "servizo de atención domiciliaria á infancia" 2311 227 99 02 tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo: 4081/224 do 2009 e 4581/224 do 2011. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.

Polo devandito, e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo

1º.- "Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato do Servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI), que abrangue desde o 1 de maio de 2015 ao 30 de abril de 2016, ambos incluídos, coa Asociación "Mulleres Progresistas de Vigo", CIF G-36.657.336, empresa adjudicataria do servizo por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 23 de marzo de 2012.

2º.- Aprobar o gasto de 158.198,43 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 105.465,62 € con cargo á partida "servizo de atención domiciliaria á infancia" 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente e 52.732,81 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o exercicio 2016 na partida "servizo de atención domiciliaria á infancia" 2311 2279902 da Concellería de Igualdade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(442).- REVISIÓN DE PREZOS DE CONTRATO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA VIAIRA E DE PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO. (RSU E LV). EXPTE. 4988/252.

Visto o informe de fiscalización do 9.04.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, conformado polos concelleiras delegados de Limpeza e de Facenda e polo asesor xurídico do Área de fomento, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

- i. A entidade mercantil, "Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.", a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 28 de abril de 2014, Doc.: 140050254, como adjudicataria do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias neste Concello, solicitou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de xuño de 2012 e o 31 de maio de 2013.

- ii. En data 26 de febreiro do 2001, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo á mercantil Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. en diante FCC.
- iii. En data 8 de maio do 2001 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación o día 1 de xuño seguinte, cun prazo contratual de 16 anos e por un importe anual de 13.459.001,06 euros (ive 7% engadido) naquel momento.
- iv. En datas 30/12/2005 e 12/06/2007, a Xunta de Goberno Local aprobou respectivamente a primeira e segunda revisións ordinarias do prezo do contrato, que posteriormente foron correxidas por acordo do mesmo órgano de data 30/12/2008 no que se aprobou tamén a terceira revisión ordinaria do prezo, resultando uns coeficientes de revisión: $K_{2004}=1,2743$; $K_{2005}=1,340$; e $K_{2006}=1,401$.
- v. En data 7/07/2009 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 10.230.000 euros, cuxa cuota de amortización máis financiamento se calcularía para 96 mensualidades (8 anos) a partir do día 1 de abril do 2009, e devengaría a partir do día primeiro do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.
- vi. En data 4/09/2009 a XGL aprobou a primeira revisión extraordinaria do contrato (ampliación), por un importe de 2.386.704,59 euros/ano (ive 7% engadido) actualizado nese momento co coeficiente de revisión $K_{2006}=1,401$ (o que supón un importe de 1.599.110,99€/ano referido ao ano orixe do contrato).
- vii. En data 4/12/2009 a XGL aprobou a cuarta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2007}=1,4674$ para o período 1/06/2007 a 31/05/2008, do que resultou un prezo do contrato de 19.016.336,73€/ano (non inclúe a ampliación mencionada no punto sexto destes antecedentes).
- viii. En data 30 de xuño do 2010 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, de xeito que a partir do día primeiro do mes seguinte (1 de xullo do 2010) procede facturar en consecuencia o novo importe do termo da amortización máis o financiamento da inversión, calculado en 96 mensualidades e aprobado na XGL de 07/07/2009 por importe de 1.580.685€/ano. Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser este de 1.897.107,75 euros anuais, dos que 1.580.685€ son polos novos medios incorporados e 316.422,75€ polos medios non renovados que se amortizan a 16 anos dende o inicio do contrato.
- ix. En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- x. En data 29/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,5044$, e con efectos no período 1 de xuño do 2008 ao 31 de maio do 2009.
- xi. En data 2/05/2011 a XGL acordou aboar á empresa concesionaria o importe íntegro do concepto de amortización máis financiamento pola renovación de medios materiais correspondente aos meses de abril do 2009 a xuño do 2010 (15 mensualidades), liquidando en consecuencia a débeda xerada por este concepto ata ese intre dado que o acordo da renovación incluía amortizacións dende o mes de abril do 2009. Cabe lembrar que a partir do día 1 de xullo do ano 2010, a empresa facturou xa mensualmente o importe íntegro da nova amortización.

- xii. En data 23/12/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,5435$, resultando un prezo total de 22.670.191,71€/ano ive 7% engadido (22.882.062,67 €/ano, ive 8% engadido), para o período 1 de xuño do 2009 ao 31 de maio do 2010.
- xiii. En data 16/03/2012 a XGL aprobou a segunda revisión extraordinaria do contrato, cunha ampliación do servizo de limpeza en varias rúas da cidade sen custe para o Concello, e eximindo á concesionaria da obriga da construción do Centro ecolóxico ao que viña obrigada por contrato. O novo prezo foi de 22.824.144,67€/ano (ive 8% engadido) con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012.
- xiv. En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- xv. En data 27/09/2013 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,6164$ para o período 1/06/2010 a 31/05/2011, do que resultou un prezo do contrato de 24.611.297,02€/ano (IVE 10% engadido).
- xvi. En data 19/12/2014 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2011}=1,6889$ para o período 1/06/2011 a 31/05/2012, do que resultou un prezo do contrato de 25.622.483,21€/ano (IVE 10% engadido).

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) Revisión Ordinaria:

O prezo contractual será obxecto de revisión anual de acordo a seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) \cdot K + \text{Amortización}] \cdot T$$

Na que:

- Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.
- T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do ive aplicable á operación.
- K = coeficiente de revisión calculado mediante a seguinte expresión:

$$K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$$

Donde A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centesimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post- pagable necesaria para amortizar o capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, ao tanto unitario i, en base a pagamentos mensuais”.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou diminuindo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferenzas positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos as seguintes restricións:

$$A+B+C = 1$$

e deben ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

M_t/M_o = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $M_t/M_o = C_{pn}(t)/C_{pn}(o)$ sendo C_{pn} o custe medio real para a categoría de peón noite, segundo convenio colectivo nos anos "t" de revisión e "o" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual de este índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

G_t = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

G_o = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o).

R_t = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

R_o = outros gastos, no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante a vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato e executarase o vinte por cento do contrato. Para estes efectos entenderase o prezo do contrato, como o de adxudicación anual multiplicado polo nº de anos da concesión, de conformidade co previsto nos artigos 103 e 104 do RDL 2/2000.

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobado oito revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de xuño do 2011 ao 31 de maio de 2012, procede neste momento tramitar a novena revisión que conforme ao prego de condicións se determina mediante a fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(\text{Prezo a orixe} - \text{Amortización}) \cdot K_t + \text{Amortización}] \cdot T$$

$$\text{donde} \quad K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_o} + B \cdot \frac{G_t}{G_o} + C \cdot \frac{R_t}{R_o}$$

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

$$A=0,88; B=0,05; C=0,07$$

3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN (K_t)

Para o cálculo do coeficiente de revisión K_t que corresponde neste momento [$K_{2012}=0,88 \cdot (M_t/M_o) + 0,05 \cdot (G_t/G_o) + 0,07 \cdot (R_t/R_o)$], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

a) M_t/M_o

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión: $M_t/M_o = C_{pn}(2000)/C_{pn}(2012/2013)$, sendo $C_{pn}(2000)$ o custe de persoal para a categoría peón na quenda de noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (novembro do ano 2000), cuxo im-

porte é de 22.768,63 euros, e o Cpn para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período xuño a decembro do 2012 e xaneiro a maio do 2013.

Para a obtención do Cpn no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades “naturais” diferentes (2012 e 2013), deberase obter un custe medio nese intervalo, este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar, Cpn (2000) ano “orixen”, o incremento acumulado do IPC, dende o ano de adxudicación, ata decembro de 2012 e decembro de 2013 respectivamente, mais 1,5 puntos porcentuais, obtendo deste xeito un custe anual (CPN_{ano}) para cada un dos anos. Posteriormente, e segundo o número de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (7 mensualidades do ano 2012 e 5 mensualidades do ano 2013), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas (orixe).

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto Cpn, realizarase entre o custe a orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio colectivo da empresa, por aplicación do IPC “real do ano”, ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o “IPC real” do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

O cálculo efectúase do modo seguinte:

- Incremento IPC ata decembro de 2001: 10,5%	1,1003.
- Incremento dec 2001/2002 + 1,5 puntos : 5,5%, incremento acumulado	1,1608.
- Incremento dec 2002/2003 + 1,5 puntos : 4.1% incremento acumulado	1.2084.
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4.7 % incremento acumulado	1,2652.
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2 % incremento acumulado	1,3309.
- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado	1,3867.
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5.7 % incremento acumulado	1,4659.
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 % incremento acumulado	1,5084.
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos: 2,3% incremento acumulado	1,5431.
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos: 4,5% incremento acumulado	1,6125.
- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos: 3,9% incremento acumulado	1,6754
- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos: 4,4% incremento acumulado	1,7492
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos: 1,8% incremento acumulado	1,7807

Custe peón noite (convenio) entre xuño- decembro de 2012 (7 meses):

$$22.768,63 \times 1,7492 \cdot 7/12 = 23.232,35 \text{ euros.}$$

Custe peón noite (convenio) xaneiro- maio 2013 (5 meses):

$$22.768,63 \times 1,7807 \cdot 5/12 = 16.893,24 \text{ euros.}$$

Custe medio peón (Cpn) para o período de revisión (xuño 2012/ maio 2013) sería:

$$23.232,35 + 16.893,24 = 40.125,59 \text{ euros anuais.}$$

Se este custe medio calculado (40.125,59) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixe (ano 2000), cuxo importe era de 22.768,63 euros, o compoñente da fórmula Cpn (2000)/Cpn (2012/2013) resulta:

$$Mt/M0 = 1,7623 \quad (40.125,59 / 22.768,63)$$

b) Gt/Go

Go corresponde co incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2000), cuio valor é 0,702, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2012/2013).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria de xeito que:

Mes	Precio mes
Junio 2012	1,302
Julio 2012	1,333
Agosto 2012	1,394
Setembro 2012	1,433
Outubro 2012	1,413
Novembro 2012	1,358
Decembro 2012	1,347
Xaneiro 2013	1,37
Febrero 2013	1,394
Marzo 2013	1,3806
Abril 2013	1,349
Maio 2013	1,323

MEDIA= **1,3664**

polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$Gt/Go = 1,9464 \quad (1,3664 / 0,702)$$

c) Rt/Ro

Rt son outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión (xuño do 2012), e Ro outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (novembro do 2000).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 dende Novembro de 2000 ata xuño do 2012, igual a 37,1%

$$Rt/Ro = 1,371.$$

d) Determinación do coeficiente de revisión (K_{2012}):

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (xuño 2012/2013), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adxudicatario A=0,88; B=0,05; C=0,07, resulta:

$$K_{2012} = (0,88 \times 1,7623) + (0,05 \times 1,9464) + (0,07 \times 1,371) = 1,7441.$$

4.- DETERMINACIÓN DO PREZO A DESCONTAR POLA NON CONSTRUCCIÓN DO CENTRO ECOLÓXICO:

Dado que en data 16 de marzo do 2012, a XGL acordou exonerar á empresa concesionaria da construción do centro ecolóxico, con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012, e devolvendo así mesmo os importes percibidos por este concepto ata ese momento, é preciso descontar do prezo que se calcule pola fórmula de revisión, o importe que corresponde á non construción do centro ecolóxico, pero mantendo os custes de persoal que o acordo non os modifica.

Na orixe do contrato, o centro ecolóxico tiña uns custes anuais en execución material de:

b) amortización máis financiamento da inversión:	35.028,31€
c) persoal:	24.775,94€
d) combustibles e lubricantes:	2.392,80€
e) outros gastos fixos anuais:	8,768,84€

Para determinar o prezo a descontar en execución por contrata, debemos eliminar o importe do persoal que non se modifica, aplicarlle os coeficientes de actualización calculados anteriormente a cada un dos restantes importes, engadirlle os gastos xerais 6%, o beneficio industrial 2%, e aplicarlle o tipo impositivo do IVE vixente en cada momento.

Deste xeito resulta:

$$Z_i = [35.028,31 + Gt/Go \cdot 2.392,80 + Rt/Ro \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot T$$

que aplicado ao ano de revisión é:

$$Z_{2012} = [35.028,31 + 1,9464 \cdot 2.392,80 + 1,371 \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot 1,08$$

$$Z_{2012} = 60.312,01€ \text{ (ive 8\% engadido)}$$

$$Z_{2012} = 60.312,01 \cdot 1,1/1,08 = 61.428,90€ \text{ (ive 10\% engadido)}$$

5.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo para o período 1 de xuño do 2012 a 31 de maio do 2013, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente, e descontando a non construción do centro ecolóxico por estar eximida a empresa tal como figura nos antecedentes.

Por mor das variacións do tipo do imposto sobre o valor engadido que afectan ao prezo do contrato, debemos establecer varios intervalos temporais en función dos tipos impositivos de cada un deles:

a) Período 1 de xuño do 2012 ao 31 de agosto do 2012

A partir do 1 de xullo de 2010, produciuse a incorporación dos medios renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da amortización máis o financiamento: 1.897.107,75€/ano. O tipo do imposto sobre o valor engadido é do 8% para este período polo que o prezo será:

$$\text{Prezo} = [(12.578.505,66 - 1.466.456,75) \cdot 1,7441 + 1.897.107,75] \cdot 1,08 = 22.980.234,76€/ano$$

O prezo a descontar pola non construción do centro ecolóxico resulta:

$$Z_{2012} = 60.312,01 \text{ €/ano}$$

de xeito que:

$$P_{(1/6/2012 \text{ a } 31/8/2012)} = \text{Prezo} - Z_{2012} = 22.980.234,76 - 60.312,01 = 22.919.922,74 \text{ €/ano}$$

b) Período 1 de setembro do 2012 ao 31 de maio do 2013

Para este período e dado que a partir do día 1 de setembro do 2012 prodúcese o cambio do 8% ao 10% no imposto sobre o valor engadido IVE, é polo que o prezo a partir desa data deberá correxirse consonte a elo, resultando un importe de :

$$\text{Prezo} = 22.919.922,74 \cdot 1,10/1,08 = 23.344.365,76 \text{ euros/ano (ive 10\% engadido)}$$

c) Período a partir do 1 de xuño do 2013

Para este período procederá unha ou varias novas revisións ordinarias do prezo do contrato que mentres non se acorden polo órgano competente, deberá prorrogarse o prezo anteriormente calculado, coas variacións que as modificacións do tipo impositivo do IVE e outros condicionandos veñan obrigando.

6.- CALCULO DA REVISION DE PREZOS DA AMPLIACIÓN DO CONTRATO

A efectos de revisión de prezos, deberase ter en conta a ampliación do contrato aprobada na XGL de 04/09/2009, por un importe total de 2.386.704,59 euros/ano (IVE 7% engadido), con efectos a partir do 1 de outubro de 2009.

O desglose do importe total da ampliación segundo se desprende do acordo de adxudicación foi o seguinte:

- Custes de explotación: 2.206.152,44 €
- Amortización: 24.412,61 €
- IVE (7%): 156.139,55 €

O cálculo de dita ampliación foi efectuado co coeficiente de revisión vixente nese momento que correspondía ao período de revisión: xuño 2006-maio 2007, cun coeficiente: $K_{2006}=1,401$.

Para proceder á revisión calcularemos os custes de explotación a prezos de orixe do contrato e posteriormente aplicaremoslle o coeficiente de revisión proposto para o período de actualización (xuño 2012-maio 2013), que segundo o calculado neste informe é de $K_{2012}=1,7441$.

O prezo revisado da ampliación, dende o 1 de xuño de 2012 ao 31 de agosto de 2012 será o seguinte:

$$P_{amp} = [(2.230.565,04 - 24.412,61) \cdot 1,7441 / 1,401 + 24.412,61] \cdot 1,08 = 2.992.567,13 \text{ €/ano.}$$

A partir do 1 de setembro do 2012, polo cambio do IVE ao 10%, o prezo da ampliación será:

$$P_{amp} = 2.992.567,13 \cdot 1,10 / 1,08 = 3.047.985,04 \text{ euros/ano (ive 10\% engadido).}$$

7.- UNIFICACIÓN DOS IMPORTES E DETERMINACIÓN DO CANON ANUAL.

Á vista do anterior, o canon anual do contrato de recollida de RSU, limpeza urbana e limpeza de praias, a partir do 1 de xuño de 2012, ata o día de hoxe sería o seguinte:

- i. Período 1 de xuño de 2012 a 31 de agosto de 2012.
 $22.919.922,74 + 2.992.567,13 = 25.912.489,88 \text{ €/ano (ive 8\% engadido).}$
- ii. Período 1 de setembro de 2012 ata 31 de maio do 2013:
modifícase o prezo anterior para adaptalo ao novo tipo impositivo do IVE 10%:
 $23.344.365,76 + 3.047.985,04 = 26.392.350,80 \text{ €/ano}$
- iii. A partir do 1 de xuño do 2013
pendente de revisión ordinaria, prorrogase o prezo anterior: $26.392.350,80 \text{ €/ano (ive 10\% engadido)}$
- iv. A partir do 1 de xaneiro do 2014
por mor dos novos funcionais que se aplican nas partidas orzamentarias do Servizo, é preciso separar o importe do contrato entre os servizos de recollida de residuos: $8.427.077,61 \text{ €}$, e limpeza viaria: $17.965.273,19 \text{ €}$, ambos co IVE do 10% engadido.

8.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión, computado nos meses exactos de cada período, e ata o día 31 de decembro do ano 2014. Non considerando como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2015.

É preciso polo tanto realizar os cálculos por períodos temporais iguais aos que corresponden ás variacións do prezo do contrato, tendo en conta as modificacións do imposto sobre o valor engadido xa que os atrasos se facturarán co tipo vixente nese momento:

h) Período 1 de xuño de 2012 a 31 de agosto de 2012.

Neste período a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 8% engadido a razón de 25.156.619,88€/ano (2.096.384,99€/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 19/12/2014. Este importe xa engadía o desconto pola non construción do Centro Ecolóxico acordado na XGL de 16/03/2012, e a nova cuota de A+F pola renovación de medios.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período era de 25.912.489,88 €/ano IVE 8% engadido (2.159.347,16€/mes), polo que a diferenza para tres meses é de:

$$(25.912.489,88 - 25.156.619,88 \text{ €/ano}) \cdot 3/12 = 188.967,50\text{€ (ive 8\% engadido)}$$

Dos que 60.337,32€ corresponden ao servizo de recollida de residuos, e 128.630,18€ á limpeza viaria.

i) Período 1 de setembro do 2012 a 31 de decembro do 2014

Neste período procede modificar o importe do facturado pola empresa conforme ao incremento do tipo impositivo do IVE do 8% ao 10%: 25.622.483,21€/ano (2.135.206,93€/mes). Polo calculado anteriormente á empresa lle correspondía facturar a razón de 26.392.350,80€/ano (2.199.362,57 €/mes) ive 10% engadido, polo que resulta un importe de atrasos para 28 mensualidades de:

$$2.199.362,57 - 2.135.206,93 = 64.155,63 \cdot 28 = 1.796.357,71\text{€ (ive 10\% engadido)}$$

Dos que 573.577,02€ corresponden ao servizo de recollida de residuos, e 1.222.780,69€ á limpeza viaria.

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1. Aprobar a 9ª revisión ordinaria do prezo do contrato de concesión do servizo público da recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias do termo municipal de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de xuño de 2012 en $K_{2012} = 1,7441$, do que resulta un prezo revisado de 25.912.489,88 (ive 8% engadido) para o período 1 de xuño do 2012 a 31 de agosto do 2012.
2. Modificar o cánon anual a partir do día 1 de setembro do 2012 ata o 31 de maio do 2013, para incluír o incremento no tipo do imposto sobre o valor engadido do 8% ao 10%, resultando o importe anual do contrato en: 26.392.350,80€/ano (IVE 10% engadido).
3. Prorrogar o prezo calculado de 26.392.350,80€/ano (ive 10% engadido) a partir do día 1 de xuño do 2013 ata a aprobación da seguinte revisión ordinaria do prezo do contrato. Este im-

porte supón unha diferenza anual de 769.867,59€ (64.155,63 €/mes) co prezo vixente actualmente.

4. O prezo para o ano 2015 pendente das revisións que correspondan no futuro é de 26.392.350,80€/ano (ive 10% engadido). Destes 8.427.077,61€ corresponden ao servizo de recollida de residuos, imputables contra a partida 1621..2270000 “canon e actualizacións da recollida de lixo-limpeza viaria” do vixente orzamento de gaso, e 17.965.273,19€ corresponden ao servizo de limpeza viaria, imputables contra a partida 1630..2270000 do mesmo nome no orzamento.
5. Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado ata o día 31 de decembro do 2014 no servizo de recollida de lixo, o importe de 633.914,34€ desglosado conforme ás seguintes cuantías:
 - i. 60.337,32€ (ive 8% engadido) polo período xuño-agosto do 2012
 - ii. 573.577,02€ (ive 10% engadido) de setembro 2012 a decembro do 2014imputando o gasto á partida orzamentaria 1621..2270000 “canon e actualizacións da recollida de lixo-limpeza viaria” do vixente orzamento municipal.
6. Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado ata o día 31 de decembro do 2014 no servizo de limpeza viaria, o importe de 1.351.410,87€ desglosado conforme ás seguintes cuantías:
 - iii. 128.630,18€ (ive 8% engadido) polo período xuño-agosto do 2012
 - iv. 1.222.780,69€ (ive 10% engadido) de setembro 2012 a decembro do 2014

imputando o gasto á partida orzamentaria 1630..2270000 “canon e actualizacións da recollida de lixo-limpeza viaria” do vixente orzamento municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(443).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2015. EXPTE. 1921/334.

Mediante providencia de data 7.04.15, co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, a concelleira delegada de Normalización Lingüística dá conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2015, que son os seguintes:

<i>Expediente</i>	<i>1907-334. Actividades dinamizadoras dirixidas á poboación escolar</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 14 de xaneiro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 2433</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>15.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1908-334. Actividades relacionadas coas datas conmemorativas galegas</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 14 de xaneiro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 2434</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>20.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1909-334. Actividades formativas e dinamizadoras do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV)</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 19 de xaneiro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 2640</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>10.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1911-334. Actividades para a poboación escolar: Paseniño coa lingua e Camiño da lingua</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 19 de xaneiro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 2639</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Mekané Didáctica</i>
<i>Importe</i>	<i>8.880,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1913-334. Actividade didáctica "Dobraxe na escola" dirixida á poboación escolar</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 4 de febreiro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 10854</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Manuel Pomba Pérez (FMEC Producións)</i>
<i>Importe</i>	<i>2.940,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1914-334. Conferencias, seminarios, xornadas, mesas redondas, etc.</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 9 de febreiro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 11596</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>4.500,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1915-334. Obradoiros de improvisación en verso para alumnado de secundaria e certame escolar de regueifas 2015</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 2 de marzo de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 12363</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>ORAL de Galicia</i>
<i>Importe</i>	<i>7.458,96 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1916-334. Proxecto "APEGO" unha actuación para fomentar o uso do galego entre as familias, poboación infantil, matronas, escolas infantís, etc.</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 4 de marzo de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 16032</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>12.000,00 euros</i>

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(444).- CONVOCATORIA AXUDAS ESTUDOS 2014-2015 (FAS). EXPTE. NÚM.: 26475/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 27.03.15, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En escrito de data 25/03/2015, a Secretaria da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) remite ao Servizo de Recursos Humanos oficio comunicando que en sesión de data 24/03/2015, a Comisión Xestora acordou a convocatoria de axudas de estudos curso 2014-2015, que ascenden a un importe de 150.000 €, destinados a axudas para estudos das e dos empregados públicos municipais, e descendentes no primeiro grao de consanguineidade, destinados a cubri-los gastos de garderías e á obtención de títulos oficiais, impartidos en centros de ensinanza públicos ou privados debidamente acreditados e homologados.*

2.- *O contido do texto da convocatoria transcribese literalmente:*

CONDICIÓN XERAIS

1.- Ámbito persoal e beneficiarios.

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o persoal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, e fillos/as menores de 25 anos, que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

2.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

3.- Solicitudes e documentación complementaria.

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarse a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarse na sede física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse a/ao solicitante.

b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Matrícula do centro (a partir de 15 anos cumpridos).
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Matrícula gardería.

c) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación por parte da Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirer a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

- TRAMO I - Menos de 25.000 €
- TRAMO II - De 25.001 € a 28.000 €
- TRAMO III - De 28.001 € a 37.000 €
- TRAMO IV - De 37.001 € a 49.000 €
- TRAMO V - Máis de 49.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación apróximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

CLAVES	TRAMO 5	TRAMO 4	TRAMO 3	TRAMO 2	TRAMO 1
CLAVE 1	55€	65€	90€	120€	140€
CLAVE 2	65€	85€	115€	160€	180€
CLAVE 3	135€	150€	190€	240€	290€

CLAVE 1	GARDERIAS E PREESCOLAR
CLAVE 2	PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC.
CLAVE 3	UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas ou orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

2.- O Pleno do Concello, en sesión de data 28/01/2013, adoptou acordo de modificación puntual do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e do Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (expediente administrativo nº 23.765/220); acordo de aprobación inicial publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- *Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

4.- *Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

5.- *Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

6.- *Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

7.- *Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

8.- *En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

II.- *No artigo 7 do regulamento contéplase que:*

“As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.”

III.- *O artigo 8 da mesma norma regulamentaria contempla, en canto aos beneficiarios das axudas, que:*

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

IV.- En canto á resolución da convocatoria, o artigo 9 recolle que:

“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”

A este respecto, déixase constancia expresa de que o Servizo de Recursos Humanos informa a presente proposta de acordo en cumprimento do establecido no propio Regulamento rector, aos estritos efectos da imputación orzamentaria e contable do importe total das axudas propostas, non correspondendo ao mesmo a verificación documental, o estudo, análise e avaliación de outorgamento das axudas solicitadas, nin a proposta de outorgamento individualizado das mesmas, que resulta ser competencia da Comisión Xestora.

V.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, e sempre sen prexuízo do que se estableza no marco da fiscalización preceptiva e previa do gasto nos termos do previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que pola Intervención Xeral Municipal se realice, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do gasto, debe indicarse que no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2015, existe unha aplicación orzamentaria específica (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada inicialmente cunha contía de 300.506,05 euros e adicada á financiación do Fondo e Acción Social, con cargo á cal enténdese debería procederse á imputación dos gastos que no seu día sexan propostos pola Comisión Xestora do FAS.

VI.- En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 24/03/2015 e remitida a este servizo en data 25/03/2015 e, en consecuencia, aprobar a convocatoria de axudas de estudos 2014-2015 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013).

Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Visto o informe de fiscalización do 6.04.15, dáse conta da ampliación de informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 09.04.15, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

A vista das observacións realizadas pola Intervención Xeral no informe de data 06/04/2015, procédese a incorporación ao expediente do Regulamento do Fondo de Acción Social, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 28/01/2013 publicado no BOP de data 21/03/2013, vixente a día de hoxe e de certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013 polo que se aproban as Bases Rectoras do Fondo de Acción Social.

Así mesmo modifícase a parte dispositiva do informe proposta do Servizo de Recursos Humanos de data 27/03/2015, incorporándose no punto primeiro da proposta o importe máximo destinado a ditas axudas (150.000,00€) que realizarase con cargo a aplicación orzamentaria 2210 1620400.

En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 24/03/2015 e remitida a este servizo en data 25/03/2015 e, en consecuencia, aprobar a convocatoria de axudas de estudos 2014-2015 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013).

O importe máximo destinado a ditas axudas será de 150.000,00€ , con cargo a aplicación orzamentaria 2210 1620400 “Fondo Social” do vixente orzamento prorrogado para o ano 2015.

Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aproba-

ción nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida na precedente ampliación de informe.

13(445).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 45/2015 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO, NOS AUTOS 147/2012 EN MATERIA DE CANTIDADES (ARÁNZAZU VICTORIA PRIETO VALDENEBRO). EXPTE. 26478/220.

Visto o informe de fiscalización, do 8.04.15, dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa de negociado de Persoal-Seguridade Social, do 31.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 29 de novembro de 2012, o Xulgado do Social Nº 3 de Vigo, dictou sentenza (nº 581/2012) nos autos 147/2012, interposto por Dª Aranzazu Victoria Prieto Valdenebro, en materia de cantidades, na que se fallaba literalmente:*

“Que estimando la demanda interpuesta por Doña Aranzazu Victoria Prieto Valdenebro, contra el Concello de Vigo, debo condenar y condeno a la parte demandada a que abone la parte actora la suma de 4.298, 40 €”

2.- *Con data 12/11/2014, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, díctase sentenza no recurso de suplicación 718/2013, pola que se desestima dito recurso interposto pola representación letrada do Concello de Vigo, e confirma a sentenza recurrida.*

3.- *Polo Xulgado do Social nº 3 remítese auto e decreto de execución de títulos xudiciais 45/2015, polo que se require a este Concello para que se execute a sentenza por un importe de 4.298,40 € en concepto de principal recoñecido a favor de Dª Aranzazu Victoria Prieto Valdenebro, máis outros 650 euros en concepto de intereses e costas.*

4.- *Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo das cantidades a percibir por Dª Rosa Mª Molinos Campos, correspondentes ao período 29/12/2010 a 15/02/2011, debendo terse en conta que a cotización a seguridade social por dito período foi efectuada no seu momento vía relación contable na que se atopa o concello, polo que procedería o desconto do IRPF correspondente así como da parte de seguridade social do traballador.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1).

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 29/7/14, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, racionalización e sostibilidade da Administración Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 4.948,40 (4.298,40 € de principal e 650,00 € calculados provisionalmente para intereses e costas) con cargo á partida 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais”, segundo o seguinte desglose:

Principal	SS Traball.	IRPF
	6,40%	15%
4.298,40	275,10	644,76

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza 581/2012 e dar cumprimento a execución do Xulgado do Social Nº 3 de títulos xudiciais 45/2015, nos autos 147/2012 seguido a instancia de D^a Victoria Aranzazu Prieto Valdenebro (DNI 36140298-F) de recoñecemento de cantidades do período 29/12/10 a 15/02/2011, por importe de 4.298,40 € de principal e 650,00 € calculados provisoriamente para intereses e costas.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora D^a Victoria Aranzazu Prieto Valdenebro (275,10 €) e IRPF (644,76 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 004515: 4.028,54 € (3.378,54 €; 650,00 de intereses e costas).

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(446).- LIQUIDACIÓN DE INTERESES NA EXECUCIÓN 264/14 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO, NOS AUTOS 143/2011 SEGUIDOS A INSTANCIA DE M^a BEGOÑA ECHEGARAY PÉREZ, ROSA M^a FERNÁNDEZ DÍAZ E M^a EUGENIA CRUZ LORENZO. EXPTE. 26479/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Persoal-Seg. Social, do 31.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con data 26/02/15, dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 1 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 264/2014, sendo demandantes M^a Begoña Echegaray Pérez, Rosa M^a Fernández Díaz e M^a Eugenia Cruz Lorenzo en relación co procedemento 143/2011 en materia de cantidades.

En dita resolución cuantifícanse os intereses pendentes que ascenden a 658,94 €.

Dita execución 264/2014 correspondente ao procedemento 143/2011 relativo a demanda de reclamación de cantidades presentada por M^a Begoña Echegaray Pérez, Rosa M^a Fernández Díaz e M^a Eugenia Cruz Lorenzo contra o Concello de Vigo foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2014.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 29/07/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 658,94 € con cargo a partida 92001410000 “indemnizacións por sentenzas xudiciais”.

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Unico.- Dar cumprimento a resolución do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, na execución 264/2014, procedéndose ao abono da cantidade de 658,94 € en concepto de o de intereses pendentes unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia na conta nº IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274 co concepto 3626 0000 64 026414.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(447).- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO CORRESPONDENTE Á OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE”. EXPTE. 2619/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 14.04.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE”. EXPTE. 2725/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE”. EXPTE. 2725/440, a favor da mercantil UTE ACEVI, SL. E MONTAJES IGLESIAS, SL., por un prezo total de 145.331,89 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 20 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE”. EXPTE. 2725/440.

Con data 30 de decembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil UTE ACEVI, SL. E MONTAJES IGLESIAS, SL.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 20 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. ROBERTO PÉREZ PROL como Coordinador de

Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE". EXPTE. 2725/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 26 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE". EXPTE. 2725/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 229 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en relación a comprobación do replanteo, indica que "A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do reformulo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais justificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato."

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sobre a acta de comprobación do replanteo, establece no seu punto 3.) que "Un exemplar da acta se remitirá o órgano de contratación".

O Prego de Clausulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo "O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación."

En base o exposto, unha vez asinada a acta de comprobación do replanteo dentro do prazo máximo fixado, procede a remisión da mesma para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente con data 29 de xaneiro de 2015 foi celebrado o acto para a sinatura da acta de comprobación de replanteo da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE", e asinada a acta de comprobación de replanteo por parte da Dirección Facultativa por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e en representación da mercantil UTE ACEVI, S.L. - MONTAJES IGLESIAS, S.L. como adxudicataria da execución das obras por D. JULIO BARROS PUENTE.

Se anexa copia da acta de comprobación de replanteo do expediente de contratación 2.688/440. En conclusión cos antecedentes descritos, procede unha vez asinada a acta de comprobación do replanteo dentro do prazo máximo fixado, procede a remisión da mesma para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Tomar coñecemento da remisión da acta de comprobación do replanteo correspondente a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA PAZOS E ENTRONQUE", asinada con data 29 de xaneiro de 2015 por parte da Dirección Facultativa por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e en representación da mercantil UTE ACEVI, S.L. - MONTAJES IGLESIAS, S.L. como adxudicataria da execución das obras por D. JULIO BARROS PUENTE, como Responsable do contrato por D. ÁLVARO CRESPO CASAL

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(448).- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO CORRESPONDENTE Á OBRA "CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS RÚA II REPÚBLICA". EXPTE. 2589/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 14.04.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 10 de outubro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de "CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS NA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA". EXPTE. 2589/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS NA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA". EXPTE. 2589/440, a favor da mercantil COPCISA, SA., por un prezo total de 227.936,00 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 19 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D^a. MARÍA FRANCISCA ARLANDIS MARRA como Directores Facultativos para a obra "CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS NA RÚA SEGUNDA REPÚBLICA". EXPTE. 2589/440.

